



O MOVIMENTO OBRREIRO

NOVA SOCIEDADE DE CLASES

CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN SOCIAL

- S. XIX: Crecemento constante das cidades ⇒ Focos de desenvolvemento económico e industrial.
- División en barrios segundo o nivel económico
- Sociedade de clases: Ascenso social por riqueza, cultura, mérito persoal, valía intelectual.
- Extensión relativa da industrialización polos distintos territorios:
 - Sociedades rurais tradicionais → Case sen cambios
 - Zonas de escasa industrialización (España, Portugal, Italia)
 - Poder económico dos terratenentes agrarios (nobreza, burguesía)
 - Traballo de xornaleiros e campesiños
 - Sociedades rurais evolucionadas → Agricultura moderna
 - Sociedades urbanas → Zonas desenvolvidas e industrializadas destino do éxodo rural
- Sociedade de clases: burguesía industrial, clases medias e proletariado.

DOMINIO SOCIAL DA BURGUESÍA



Se a burguesía tiña unha misión no mundo, esta era, con seguridade, a de chegar a ser a guía, o instrutor, ou mellor o organizador, a cabeza do pobo; esta era unha misión sagrada para a que recibira a intelixencia, a ciencia, a experiencia dos tempos pasados. A palabra, o pensamento, déronselle para falar e pensar no nome de todo o pobo enteiro. A ocasión era grandiosa: tratábase de preparar, de inaugurar a chegada da democracia no mundo europeo.

QUINET, E., *Advertencia ao país*, 1840.

- A burguesía do XIX non substitúe aos grupos de poder tradicionais
- Papel crecente ao ritmo dos cambios económicos, sociais e políticos
- Grupo heteroxéneo:
 - ♦ Burguesía de negocios: grandes comerciantes, industriais e banqueiros.
 - ↳ 1ª Revolución Industrial: unión capital empresarial+xestión
 - ↳ 2ª Revolución Industrial: capital≠xestión empresarial
 - ♦ Burguesía agraria → Compra terras desamortizadas
 - Substitución dos campesiños arrendatarios por xornaleiros.
 - ♦ Burguesía con formación: funcionarios, científicos, profesións liberais.
 - Ocupa postos na administración do Estado e nas empresas.
- Familia nuclear e reforzamento da autoridade paterna.
- Reparto igualitario da herencia entre os fillos.
- Barrios acomodados ⇒ Primeiros proxectos de planificación urbana.
- Modelo aristocrático: compra de mansións rústicas, balnearios, veraneo en praias, temporadas de teatro e ópera.
- Clubes e sociedades recreativas propias.
- Opinión burguesa ⇒ Prensa de escasa difusión e cara para as clases inferiores
- Ensino superior reservado ás clases altas.
- Endogamia dentro da burguesía → Exemplo da nobreza.
- Contraste crecente coas masas → Foco de conflictividade social.



As cidades aumentaran considerablemente; fundáranse prazas comerciais tales como Lión, Nantes, Burdeos, Marsella, París, que medraran de xeito asombroso; e, en tanto que os nobres abandonaban as súas terras para vir arruinarse aquí, os plebeos obtiñan de aquí tesouros coa axuda da súa industria. Todas as pequenas cidades da provincia chegaran a ser máis ou menos comerciantes, case todas tiñan manufacturas ou algún obxecto particular de comercio. Todas estaban poboadas de pequenos burgueses máis ricos e máis industriosos cós nobres, e que encontraran o medio de facerse ricos, cando non podían entregarse ás máis altas especulacións.

MARQUÉS DE BOVILLE, *Memorias*.





Dominio económico

- Propiedade da maior parte do capital ⇒ Investimentos en industria, comercio, finanzas
- Control dos mecanismos de mercado ⇒ Manufacturas distribuidas por redes comerciais controladas por capital burgués
- Beneficiaria dos rendementos do traballo dos asalariados

Dominio político-ideolóxico

- Participación burguesa nas revolucións do XIX ⇒ Nova orde favorable aos intereses burgueses
- Obxectivo: controlar os mecanismos do Estado
 - ✕ Liberdade: Dereito natural do home pero beneficia aos burgueses:
 - Liberdade de contratación laboral
 - Liberdade de produción e comercio
 - O Estado non intervén en asuntos económicos.
 - ✕ Igualdade:
 - Acceso a cargos públicos segundo a capacidade.
 - Fin dos privilexios fiscais
 - ✕ Propiedade:
 - Dereito natural
 - Libre, individual, absoluta

A NOBREZA RENDISTA

A riqueza secular transformárase en ornamentos, en luxo, en praceres, sen máis; a abolición dos dereitos feudais decapitara as obrigacións e os privilexios. De feito, algún destes señoríos esvaecerase, deixando tan só na lembranza o seu nome e as súas terras recargadas. Bah!, había tantos que tiñamos a impresión de que xamais habíamos ver o seu final. TOMASI DI LAMPEDUSA, *O gatopardo*.



J. J. Grandville, "Le Rentier et sa femme"



DAUMIER, *As espigadoras*



Ademáis do clero, os fidalgos significaban entón a gran reserva tradicional de fartura e de enerxía. Eles seguían iguais a si mesmos. Algúns, os máis nomeados, botábanse á loita política e facían toladas por un partido, un amigo, unha idea. Os do pazo da Seara de Trasouto non eran destes. Rematadas as compras na vila, visitadas unhas cantas amizades voltaban ás súas fartas casas, onde recibían de lonxe en lonxe, as visitas dos amigos separados por leguas de andadura. Para iso estaban os criados e as bestas. Os froitos chegaban ao seu tempo, mainamente, en ciclos litúrxicos seguindo o decorrer das sazóns. No setembro cobraban as rendas do pan. Ao longo de moitos días as riolas de carros de bestas e de xente, cruzaban polos lugares carregando as fanegas de limpo centeo.

R. OTERO PEDRAYO, *Os camiños da vida*.

NACIMIENTO DO PROLETARIADO



VOLPEDO, P., *O cuarto estado*

➤ EXTENSIÓN DO TRABALLO ASALARIADO

- 1ª Rev. Ind. ⇒ Xeralización do traballo asalariado (*putting out system*/obradoiros urbanos/fábricas).
- Fin S.XIX ⇒ 3 cambios:
 - 1) Difusión da industrialización: EEUU, Xapón
 - 2) Crecemento do proletariado fabril
 - 3) Crecemento da administración pública, expansión dos bancos e actividades comerciais

➤ O SALARIO


- Pago segundo os bens producidos → *putting out system*.
- Pago segundo as horas traballadas → Fábrica ⇒ disciplina laboral.
- Formas de pago: → metálico
→ *truck system*
- Variacións do salario segundo: categoría profesional, xénero e idade.

➤ CONDICIÓN DE TRABAJO

- Introducción da “economía do tempo” → regularidade mecanizada dos tempos de traballo para coordinar as distintas fases de produción no sistema fabril.
- 1ª Rev.Ind. → Emprego de nenos e mulleres (técnico e minería sobre todo).
- 2ª ½ S.XIX → Lexislación que prohibe o traballo infantil.
- Problemas de saúde: materiais nocivos, ambientes prexudiciais, sobreexceso.

➤ CONDICIÓN E NIVEIS DE VIDA

- Presuposto familiar ⇒ salario de homes e mulleres.
- Escasa capacidade adquisitiva dos traballadores na 1ª Rev.Ind.
 - ↳ Crise ⇒ Subconsumo das familias traballadoras.
- O *truck system* agravaba a situación (máis caros que no mercado)
- Recurso da compra a crédito → perigoso e gravoso.



Alí traballamos mentres podíamos ver no verán, e non sei dicir a que hora parabamos. Ninguén senón o patrón e o seu fillo tiña reloxo, e non sabíamos a hora. Había un home que tiña reloxo. Quitáronllo e puxéronllo baixo a custodia do patrón porque lles dixeran a hora aos homes.

Declaración de testemuñas, en THOMPSON, E.P., *Revolta e consciencia de clase*, 1979.




A industria moderna transformou o pequeno obradoiro do mestre patriarcal na fábrica do capitalista industrial. Masas de obreiros, amoreados na fábrica, organízanse de xeito militar. Como soldados rasos da industria, colócanse baixo a vixilancia dunha xerarquía completa de oficiais e suboficiais.

MARX, K., ENGELS, F., *O manifesto comunista*, 1848.


O aire quente e húmido, que é o que máis reina nas fábricas de fiados e tecidos é altamente debilitante; produce abundantes suores; debilitamento muscular e debilidade no sistema gástrico, acompañada de pouco apetito; respiración lenta e penosa; movementos pesados e difíciles; o sangue non se arterializa debidamente; as impresións e ideas obtúranse e o sistema nervioso entorpece. (...)


SALARICH, *Hixiene do tecelán*, Vich, 1858.

- Aumento da poboación urbana $\Rightarrow$ CIDADE INDUSTRIAL
 - ✓ Centro para actividades comerciais e administrativas.
 - ✓ Aneis de núcleos industriais en antigos núcleos rurais.
 - Caótico crecemento das cidades $\rightarrow$ falta de planificación urbana.
 - 2ª $\frac{1}{2}$ XIX $\rightarrow$ Mellora notable do nivel de vida da poboación obreira.
- Especulación no negocio da construción.
 - Falta de servizos urbanos.
 - Escaseza de vivendas $\rightarrow$ alugueres altos.
 - Moita poboación en pouco espazo



- Menor esperanza de vida dos obreiros.
- Difusión de enfermidades infecciosas





En Inglaterra, estes *barrios feos* están máis ou menos dispostos do mesmo xeito en todas as cidades; as peores casas están na peor zona do lugar; polo xeral, son dun ou máis andares, dispostas en longas ringleiras. As rúas están sen enlousar, son desiguais, están emporcadas, cheas de restos animais e vexetais, sen sumidoiros e, por iso, sempre cheas de fedentas lameiras. E posto que moitos individuos viven nun pequeno espazo, pode facilmente imaxinarse o aire que envolve estes barrios obreiros. Por último, cando hai bo tempo, esténdense a roupa a enxugar sobre cordeis pasados dunha casa a outra, perpendicularmente á rúa.

F.ENGELS, *A situación da clase obreira en Inglaterra*, 1845.

➤ SOCIABILIDADE DA CLASE TRABALLADORA

- Comunidades obreiras:→ Redes de axuda
 - Asociacións: coros, sociedades deportivas
 - División por oficios
- Fin XIX → “Semana inglesa”: fin de semana libre adicado ao ocio.
 - Modelo burgués: pasar días na costa.
 - Novos centros de diversión: cines, cabarets, salóns de baile.
 - Fútbol, rugby (deportes adoptados polos traballadores que aparecen nas elitistas *public schools*).





CUNARD LINE

MONARCHS OF THE SEA

"LUSITANIA"

The **LARGEST, FINEST & FASTEST SHIPS** in the WORLD.

"MAURETANIA"

QUADRUPLE SCREW TURBINE STEAMERS.
790 FT. LONG.
32,500 TONS.
68,000 HORSEPOWER.



LIVERPOOL · NEW YORK · BOSTON
VIA QUEENSTOWN.

Willoughby, Ohio, 13 xuño de 1881.

Nosoutros, os que asinamos, xunto con outras moitas persoas, embarcamos o 6 de abril deste ano para realizar a viaxe desde Goteburgo á terra prometida, como se adoita chamar, América do Norte. Tiñamos a esperanza de conseguir alí unha vida máis doada que a que puidésemos ter en Suecia.

Todos nos sentiamos ledos e contentos porque tiñamos a esperanza de que ao outro lado do océano poderíamos ter axiña unha casa cómoda e bonita para nós e para as nosas familias que quedaran na patria, ademais dunha situación de independencia que todos nós botabamos en falta en Suecia.

Pero, benqueridos compatriotas, estas esperanzas tan fermosas axiña se esvaeceron tristemente ao chegar ao lugar onde agardabamos atopar unha recompensa ás nosas fatigas.

Despois dunha viaxe longa e extenuante chegamos ao noso destino o 27 de abril, pero alí atopamos unha situación completamente diferente da que nos explicaran.

Naquel lugar non había traballo de ningún tipo e dixéronnos que a compañía non lle encargara ao axente Odell recrutar xente en Suecia.

Nada do que nos dixeran na nosa terra era verdade. Fixéranos coa única finalidade de atraeren emigrantes, ou, mellor dito, os cartos que estes reuniran na terra natal co traballo duro e maila súa suor. E gran parte dos que non tiñan medios propios tiveron que malgastar o diñeiro de familiares e amigos. Con compaixón asistimos ao espectáculo de moitas familias sen diñeiro e con bágoas nos ollos, mentres deixabamos a pé aquel lugar.

Carta publicada no xornal sueco *Kristianstadsbladet*, 1881.

DESENVOLVEMENTO DO PROLETARIADO COMO CLASE

- Falta de lexislación sobre as condicións de vida e traballo do proletariado.
- 1833: Lei en Gran Bretaña que limita a idade e a xornada laboral dos nenos.
- Loita lenta do proletariado para conseguir os seus dereitos.

MOVEMENTO MECANOCLASTA OU LUDISMO

- Reaccións violentas contra fábricas, materias primas e máquinas.
- Obxectivos
 - Evitar a contratación de man de obra non cualificada.
 - Manter os salarios.
 - Frear o proceso de mecanización.
- ↳ Defensa do status dos asalariados do *putting out system* fronte ás relacións económicas capitalistas
- Accións:
 - Peticións ao Parlamento → defensa do traballo tradicional
 - Motíns
 - Ataque directo ao proceso de mecanización
- Dura represión do goberno inglés
- España ⇨ Episodios máis tardíos polo retraso na industrialización

LUDISMO



Señor: esta carta é para advertirvos que se as vosas trilladoras non son destruídas por vós mesmo, poñeremos mans á obra.

Asinado, no nome de todos, Swing.

Escoita Bulmer! Se non dás aos teus carpinteiros unha guinea á semana, tan seguro como que o inferno está en chamas que antes de que termine o inverno alguén che pegará un tiro.

Anónimo dirixido ao propietario duns estaleiros, 1801.

MOVEMENTO CARTISTA

- Movemento de traballadores dos oficios tradicionais e primeira organización colectiva de traballadores fabrís.
 - ❑ Extensa estrutura local e importante liderato nacional
 - ❑ Fráxil rede entre as agrupacións locais e as masas.
- Obxectivo ⇒ Recoñecemento dos dereitos políticos como medio para modificar e ampliar os dereitos sociais.
- **6 PUNTOS DA CARTA**
 - 1) Sufraxio universal para maiores de 21 anos.
 - 2) Voto secreto.
 - 3) Non propietarios elixibles para o Parlamento.
 - 4) Soldo para os parlamentarios.
 - 5) Proporcionalidade representantes/poboación.
 - 6) Parlamentos anuais.
- Accións:- Campañas de apoio ás reivindicacións da Carta (sinaturas)
 - Folgas, revoltas e insurreccións como formas de presión.
- Primeiro movemento político-social de ámbito nacional protagonizado por traballadores que buscan no cambio político o camiño para as reivindicacións obreiras.

The Six Points OF THE PEOPLE'S CHARTER.

1. A VOTE for every man twenty-one years of age, of sound mind, and not undergoing punishment for crime.

2. THE BALLOT.—To protect the elector in the exercise of his vote.

3. NO PROPERTY QUALIFICATION for Members of Parliament—thus enabling the constituencies to reverse the vote of their choice, be he rich or poor.

4. PAYMENT OF MEMBERS, thus enabling an honest tradesman, working man, or other person, to serve a constituency, when taken from his business to attend to the interests of the country.

5. EQUAL CONSTITUENCIES, securing the same amount of representation for the same number of electors, instead of allowing small constituencies to swamp the votes of large ones.

6. ANNUAL PARLIAMENTS, thus presenting the most effectual check to bribery and intimidation, since though a constituency might be bought over in seven years (even with the ballot), no person could buy a constituency (under a system of universal suffrage) in each ensuing seven-month; and those members, when elected for a year only, would not be able to defy and betray their constituents as now.

Subjoined are the names of the gentlemen who embodied these principles into the document called the "People's Charter," at an influential meeting held at the British Coffee House, London, on the 14th of June, 1839.

James O'Connell, Esq., M.P.
John Arthur Roebuck, Esq., M.P.
John Thomas Lubbock, Esq., M.P.
Charles Wooding, Esq., M.P.
Thomas Farnham Thompson, Esq., M.P.
William Sharpey Church, Esq., M.P.

Mr. Henry Watkinson.
Mr. John Charn.
Mr. James Watson.
Mr. Edward Moore.
Mr. William Lovell.
Mr. Henry Tassell.

© GILLING, PRINTER. "WEEKLY STANDARD" OFFICE, LONDON.


1. UN VOTO para cada home de 21 anos de idade, de mente corda e que non fose condenado por ningún delicto.
2. VOTACIÓN SECRETA para protexer ao elector no exercicio do seu voto.
3. NON CUALIFICACIÓN DE PROPIEDAD para os membros do Parlamento, capacitando así aos distritos para elixir o home que queiran, sexa rico ou pobre.
4. PAGA AOS PARLAMENTARIOS, capacitando así a un honesto comerciante, traballador ou outra persoa para servir a un distrito, cando sexa apartado do seu negocio para atender aos intereses do seu país.
5. DISTRITOS PARELLOS, asegurando a mesma cantidade de representación para o mesmo número de electores, en lugar de permitir que en distritos pequenos copen os votos doutros máis grandes.
6. PARLAMENTOS ANUAIS, representando así o máis efectivo control ante o suborno e a intimidación porque os parlamentarios elixidos por un só ano, non serían capaces de desafiar e traizoar aos seus votantes como agora.

SINDICALISMO E TRADE UNIONS

- Unións de oficios para defender o sistema de aprendizaxe, salario e condicións tradicionais de traballo e produción ⇒ Ámbito local
- Financiación: contribucións regulares
- Coordinación: reunións de representantes
- Persecución gubernamental ⇒ asociacións relixiosas, lúdicas, asistenciais
- Caixas de resistencia ⇒ Axuda aos traballadores en paro
- Folga como medio de presión
- Gran Bretaña
 - 1799: Sociedade de Tecedores de algodón (Lancashire).
 - 1824: Abolición das *Combination Laws*
 - Década 1860: Novas unións ⇒ **Trade Unions Congress.**
 - Década 1870: Melloras lexislativas (salario, condicións)
 - 1874: Primeiros deputados sindicalistas no Parlamento
- Resto de Europa ⇒ Loitas para conseguir un sistema liberal
- España
 - 1839: Lei que permite as asociacións
 - 1840: Sociedade de Tecedores (Barcelona)
 - 2ª ½ XIX: Vencellamento ás Internacionais Obreiras

Se os diferentes oficios entregaran a tempo diñeiro a esgalla para mantelos, obteríase outro resultado. Pero non é demasiado tarde para aprender. Sería absurdo crer que os fiandeiros son o único grupo ao que lle reducirán as tarifas, e é de temer que, a menos que haxa unha cooperación máis xeneralizada e efectiva entre as mesmas clases traballadoras, estes intentos, como no caso dos fiandeiros, terán o éxito asegurado.

John DOHERTY



SOCIALISMO UTÓPICO

- Fin XVIII ⇒ Influencia da Revolución Francesa: BABEUF (1795)
Igualitarismo social como medio para conseguir a felicidade colectiva
 - Eliminar a propiedade privada
 - Conspiración como táctica para lograr o obxectivo
- Socialismo utópico ⇒ Puntos comúns:
 - Condenan o Capitalismo por inxusto e ineficaz
 - Obxectivo dunha sociedade xusta, igualitaria e solidaria
 - Prefiren a evolución da sociedade á revolución
 - Concordia e o entendemento como motores do cambio social
 - Necesidade do convencemento da burguesía da necesidade de transformación social

C.H. Saint-Simon (1760-1825)



Invitamos aos industriais
ciumentos do interese público e que
coñecen as relacións que existen entre
os intereses xerais da sociedade e os
intereses da industria, a non soportar
por máis tempo que se lles chame
liberais; invitamoslles a enarbolar unha
nova bandeira e a inscribir nas suas
bandeiras a divisa: *industrialismo*.


Diriximos idéntica invitación ás
persoas, que fose cal fose o seu
estado e profesión, están fondamente
convencidas, coma nos, de que o
único medio de establecer unha orde
de cousas sosegada e estable consiste
en encargar da alta administración da
riqueza pública a aqueles que
contribúen con máis diñeiro ao tesouro
público e retiran menos de el.
Invitamoslles a declararse
industrialistas.

- Necesidade de promover unha reorganización tecnocrática da produción industrial.
- Criterio social determinante $\Rightarrow$ a **producción**: a sociedade industrial componse de todos os que participan en actividades produtivas, sexan propietarios ou non.
- A sociedade industrial debe prescindir dos grupos sociais non produtivos (nobreza, clero, burguesía rendista) e a clase de produtores debe facerse co goberno.

Ch. Fourier (1772-1837)



FALANSTERIO



-Causas da pobreza e da explotación:

- Anarquía industrial
- Comercio parasitario
- Fragmentación da propiedade

- Civilización burguesa = *estado social miserable* que leva á infelicidade

- Sociedade nova ⇒ As paixóns expresaranse e serán satisfeitas

Estado de Harmonía Universal


- Unidade social base: **FALANXE** (1620) e o **FALANSTERIO**

- ❑ Organización cooperativa da produción
- ❑ Adecuación do traballo ao carácter ⇒ Facer do traballo un pracer
- ❑ Participación nos beneficios segundo o capital, traballo e talento aportados


R. Owen (1771-1858)



"Owen's Proposed Village" from Lockwood, New Harmony ... (1902).
Smithsonian Institution Libraries



Digital image (c) 1996 Smithsonian Institution




- Necesidade da labor rexeneradora da educación
- Necesidade de transformar as condicións de traballo para acabar coa pobreza, a ignorancia e a explotación
- Crea fábricas-cooperativas onde busca mellorar as condicións laborais.
- Defensa das pequenas comunidades (aldeas de cooperación) baseadas na axuda recíproca (New Lanark en Escocia, New Harmony en Indiana)
- Impulsa 3 instrumentos que serán base do movemento obreiro:
 - o almacén cooperativo
 - a bolsa de traballo
 - Trade Unions (orixe do sindicalismo)

O novo sistema fundaméntase en principios que capacitarán á humanidade para impedir na próxima xeración todos ou case todos os males e miserias que nós e os nosos antepasados temos experimentado. Adquirirase un coñecemento correcto da natureza humana; acabarase coa ignorancia; impedirse que as malas paixóns se fortalezan; a amabilidade e a caridade prevalecerán universalmente; non se coñecerá a pobreza; o interese de cada individuo estará en estreita relación con todos os individuos do mundo. Non haberá ningunha contradición entre os desexos e apetencias dos homes. Ninguén terá motivo de queixa, porque cada un posuirá sen prexuízo dos demais, todo o que poida tender á súa comodidade, benestar e felicidade.

R.OWEN, *Alocución aos habitantes de New Lanark*, 1816.

L. Blanc (1811-1882)

- Partidario da intervención do Estado na sociedade e na economía para garantir a solidariedade e o benestar.
- Talleres Nacionais ⇒ Obxectivo: baixar o paro
 - ⇒ Investimento de beneficios:
 - a) Reparto igualitario entre os traballadores
 - b) Manter anciáns, enfermos, inválidos
 - c) Aliviar a crise noutras industrias.
 - d) Fondo para a adquisición de ferramentas e máquinas



MARXISMO




A historia de todas as sociedades ata os nosos días é unha historia de loita de clases. Homes libres e escravos, patricios e plebeos, señores e servos, mestres e oficiais, nunha palabra: opresores e oprimidos enfrontáronse sempre, mantiveron unha loita constante, ocultada unhas veces e outras franca e aberta; loita que rematou sempre coa transformación revolucionaria de toda a sociedade ou o afundimento das clases en pugna.

A moderna sociedade burguesa, que saíu de entre as ruínas da sociedade feudal, non aboliu as contradicións de clase. Unicamente substituíu as vellas clases, as vellas condicións de opresión, as vellas formas de loita por outras novas.

MARX, ENGELS, *Manifesto Comunista*, 1948.

MARX (1818-1883)
ENGELS (1820-1895)



1848: *Manifiesto Comunista*:

- Análise da Historia como proceso de explotación dunhas clases por outras
- Capitalismo: resultado do desenvolvemento das forzas produtivas que orixinan a aparición do proletariado.
- A clase obreira debe conquistar o poder para acabar coa súa explotación.

SOCIALISMO CIENTÍFICO → O socialismo deixa de ser un sistema ideal e transfórmase nun método de análise científica das condicións existentes para lograr a transformación da sociedade por medio da loita contra a explotación burguesa do proletariado.




**O Manifesto Comunista
(1848)**




**O Capital
(1867)**

MATERIALISMO HISTÓRICO

Interpretación económica da Historia





Tan pronto como, no transcurso do tempo, teñan desaparecido as diferenzas de clase e toda a produción estea concentrada nas mans da sociedade, o Estado perderá todo o carácter político. O poder político non é, en rigor, máis que o poder organizado dunha clase para a opresión da outra.

O proletariado vese forzado a organizarse como clase para loitar contra a burguesía; a revolución lévao ao Poder; mais tan pronto como desde el, como clase gobernante, derrube pola forza ao réxime vixente de produción, con este fará desaparecer as condicións que determinan o antagonismo de clases, as clases mesmas, e, polo tanto, a súa propia soberanía como tal clase.

MARX, ENGELS, *O Manifesto Comunista*, 1848.

PLUSVALÍA

- O valor dunha mercadoría depende da cantidade de traballo necesaria para facela.
- O capitalista compra a forza de traballo do obreiro e a usa máis tempo do necesario para compensar o custo.
- PLUSVALÍA: diferenza entre o prezo ao que compra a forza de traballo e o prezo ao que vende a mercadoría (Traballo non pagado)
- Se o obreiro recibise o valor das mercadorías por el producidas non se comprendería o desenvolvemento do capitalismo.



1ª Revolución Industrial: salarios baixos e plusvalías altas
Rápida expansión do capitalismo, enriquecemento da
burguesía por acumulación fácil de beneficios.


ANARQUISMO

- Negación da autoridade.
- Cooperación e axuda mutua nunha “sociedade natural” autorregulada.
- Obxectivo: Sociedade liberada de todo dominio autoritario ou poder ideolóxico (relixión, doutrinas políticas), político-xurídico (Estado, administración, réxime legal), económico (propiedade privada) ou social (clases).
- Necesidade dunha revolución espontánea das masas traballadoras e campesiñas contra o poder establecido.
- Medios para a acción:
 - Educación das masas: escolas laicas e racionalistas.
 - Atentados terroristas contra representantes do poder: *propaganda dos feitos* ou *propaganda de acción*.
 - Creación de sindicatos que defenden a folga xeral como método de presión (CXT, Francia 1902; CNT, España 1910; Unión Sindical, Italia 1912).

M. BAKUNIN (1814-1876)

Inimiga de todo despotismo, non recoñece ningunha forma de Estado, e rexeita toda acción revolucionaria que non teña por obxecto inmediato e directo o triunfo da causa dos traballadores contra o capital; pois quere que todos os Estados políticos e autoritarios actualmente existentes se reduzan a simples funcións administrativas.

*Programa da Alianza
Democrática Socialista, 1868*



- Defensa da **liberdade**: Dereito das persoas a actuar segundo a súa propia conciencia, rexeitando a existencia de toda construción ideal ou social (Deus, Estado, Lei) que poida coartar a liberdade individual.
- A plena liberdade require igualdade económica.
- Estado: instrumento represor da liberdade natural porque asegura o dominio da maioría por unha minoría despótica.
- Obxectivo da revolución ⇒ Abolir o Estado e instaurar a autoxestión e organización comunitaria da vida pública.



- **COMUNA**: Garantía do dereito á instrución, ao traballo e ao libre desenvolvemento da personalidade.
 - Todos teñen os mesmos dereitos e as decisións adóptanse nun réxime de democracia directa.

P.J. PROUDHON (1809-1865)



Todos os homes, en efecto, cren e senten que a igualdade de condicións é idéntica á igualdade de dereitos; que **propiedade e roubo** son termos sinónimos; que toda preeminencia social outorgada, ou, mellor dita, usurpada baixo o pretexto de superioridade de talento e de servicio, é iniquidade e latrocinio; todos os homes, afirmo eu, posúen estas verdades na intimidade da súa alma; trátase simplemente de facer que as advirtan.

Que é a propiedade?, 1840

- A propiedade viola os dereitos básicos do individuo: liberdade, igualdade e soberanía.

 - ⇒ *A propiedade é un roubo*: Critica o abuso de propiedade e obter beneficios a costa dos traballadores.


- Rexeitamento da propiedade capitalista → *beneficio sen traballo* dunha minoría que obriga ao resto a realizar un traballo polo que son remunerados parcialmente.

- **ANARQUÍA**: Goberno no que a conciencia pública e privada bastan para manter a orde e garantir as liberdades.

- **Democracia mutualista e federativa**: Organización baseada na federación de asociacións de axuda mutua ou mutualidades interesadas no beneficio común.




 - ⇒ Familias reunidas en **COMUNAS** autoadministradas, únense en **REXIÓNS** que se asocian libremente en **REPÚBLICAS FEDERAIS**.

KROPOTKIN (1842-1921)



- Comunismo libertario ou anarcocomunismo.
- Socialización dos medios de produción e traballo en comunas autosuficientes que redistribúen os bens básicos independentemente da participación dos individuos na súa produción.

INTERNACIONALISMO PROLETARIO



- Toma de conciencia dos problemas comúns que afectaban ao proletariado en todas as nacións europeas ⇒ Necesidade de organizar o obrerismo europeo convocando unha reunión xeral para tratar problemas comúns.
- Década 1860: O desenvolvemento industrial fai visibles as consecuencias negativas do sistema capitalista.
- Publicación de obras de análise económica: *O Capital* (1867).
- Relativa tolerancia á difusión das novas ideas entre a clase obreira.
 - ⇒ Aumento de organizacións de traballadores e do número de afiliados.
- 1862: Contacto entre obreiros ingleses e franceses en Londres
 - ⇒ Convocatoria dun congreso internacional proletario.

- **MARX** redacta os **ESTATUTOS** con 3 puntos clave:
 - A AIT non abolirá as asociacións nacionais e potenciará a nivel mundial a súa actividade.
 - A emancipación da clase obreira será obra dos propios traballadores.
 - Non haberá emancipación sen loita polo poder político.
- Incorporación de organizacións de oficios e sindicatos de toda Europa ⇒ 1870: Federación Rexional Española.
- Problemas polas diferentes ideoloxías dos membros e os variados obxectivos.

Considerando:

Que a emancipación dos traballadores debe ser obra deles mesmos, que os seus esforzos por conquistar a súa emancipación non deben tender a constituir novos privilexios, senón a establecer para todos os mesmos dereitos e os mesmos deberes.

Que o sometemento do traballador ao capital é a fonte de toda servidume: política, moral e material.

Que, por esta razón, a emancipación económica dos traballadores é o grande obxectivo ao que debe ser subordinado todo movemento político.

Que todos os esforzos realizados ata aquí fracasaron por falta de solidariedade entre os obreiros das diversas profesións en cada país e dunha unión fraternal entre os traballadores.

Que a emancipación dos traballadores non é un problema simplemente local ou nacional, senón que, pola contra, interesa a todas as nacións civilizadas, xa que a súa solución está necesariamente subordinada ao seu concurso teórico e práctico.

Por estas razóns:

Os que asinan abaixo, membros do Consello elixido pola asemblea que tivo lugar o 28 de setembro do ano 1864 en Saint Martin's Hall, en Londres, tomaron as medidas necesarias para fundar a Asociación Internacional de Traballadores.

Preámbulo da *Acta Fundacional da AIT*, Londres, 1864.

- Enfrontamento entre marxistas e anarquistas (MARX/BAKUNIN) con varios puntos de discrepancia:
 1. Concepción da Historia
 - Marx: as clases son as protagonistas reais da H^a
 - Bakunin: o home como individuo é o auténtico protagonista.
 2. A revolución social estará protagonizada por:
 - Marx: obreiros industriais.
 - Bakunin: as masas campesiñas.
 3. Oposición de Bakunin á idea marxista da ditadura do proletariado e ao mantemento do Estado.
 4. Aceptación dos marxistas do xogo político participando nas eleccións e entrando nos Parlamentos // Desprezo dos anarquistas a calquera forma de poder, negándose a formar partidos políticos.
- Triunfo das teses marxistas → Expulsión de Bakunin e os seus partidarios no Congreso da Haia (1872).
- Escisión do movemento obreiro→ AIT marxista: NY (final en 1876).
 - AIT anarquista (final en 1877).
- Represión dos gobernos europeos atemorizados polas insurreccións dos obreiros ao inicio da década de 1870.

Opinión de Bakunin sobre Marx

Marx é un comunista autoritario e centralista. Quere o mesmo ca nós: o triunfo completo da igualdade económica e social, pero dentro do Estado e polo poder do Estado; por medio da ditadura dun goberno provisional, moi forte e, por dicilo así, despótico, isto é, negando a liberdade. O seu ideal económico é o Estado convertido no único propietario da terra e de todos os capitais.

Nós queremos o mesmo triunfo da igualdade económica e social mediante a abolición do Estado.

BAKUNIN, M., *Carta a R. Nabruzzi*, 1872.

Opinión de Marx sobre Bakunin

E velaquí o momento escollido polos aliancistas para declarar pola súa banda a guerra aberta ao Consello Xeral. Segundo eles, as tendencias dominadoras do Consello Xeral triunfaran por riba da autonomía das seccións e das federacións nacionais. As súas frases non eran senón unha manobra para desorganizar a Internacional. Autonomía para as seccións, libre federación dos grupos autónomos, autoritarismo, anarquía, velaquí unhas frases que caen ben a unha sociedade de desclasados, sen carreira nin saída, que conspiran dentro da Internacional para sometela a unha dictadura oculta e para impoñerlle o programa do señor Bakunin.

MARX, K., *A alianza da democracia socialista e a AIT*,
1873.

II AIT

- Déc.1870 → Decadencia da AIT e creación de Partidos Socialistas nacionais.
1875: SPD → Modelo a seguir en Europa.
- P. Socialistas: → Defínense como partidos de clase obreira
→ Obxectivo: Controlar as institucións políticas
→ A revolución medio para a emancipación do proletariado.
- Aumento do poder das asociacións obreiras
- Desexo de reinstaurar a Internacional: 1889 París → Reunión de PS
- 1891: Congreso de Bruselas → Respecto ás distintas opcións (federación que acepta a pluralidade de tácticas)
- Sucesivos congresos (Zurich, 1893/ Londres, 1896) acordan prohibir a participación de delegados de partidos ou asociacións obreiras que non admitan a participación no xogo político ⇒ Expulsión definitiva dos anarquistas.
- Organización II AIT→ Sede permanente en Bruxelas
→ Bureau Socialiste International:
 - delegados por país
 - secretario permanente
 - comité executivo
- 1889: 1º de maio Día Internacional da Loita Obreira.

II AIT



E. BERNSTEIN (1850-1932)



R. LUXEMBURGO (1870-1919)

a) O REVISIONISMO: Colaboración coas forzas burguesas (BERNSTEIN)

- ❑ Loita por lograr reformas graduais sen esperar á destrución revolucionaria do sistema capitalista.
 - ❑ Posibilidade de colaborar en política cos partidos burgueses.
 - ❑ Sen negar a loita de clases, non se busca asaltar o poder violentamente nin destruír á burguesía
 - Rexeita a ditadura do proletariado
 - O enfrontamento non é inevitable; o proletariado pode chegar ao poder por vía pacífica.
 - ❑ Cando o proletariado chegue ao poder pola vía democrática non socializarán indiscriminadamente os medios de produción (só os que o Estado administre mellor que os particulares).
 - ❑ O Estado cos impostos e a lexislación debe elevar o nivel de vida das clases traballadoras e poñelas nas mesmas condicións que a burguesía, sen sacrificala
- Equilibrio económico = democracia social.

 Ataque de marxistas ortodoxos (KAUTSKY)

A agravación da situación económica non se efectuou como previra o manifesto. O número de posuidores non diminuíu, senón que medrou.

A concentración da produción non se efectúa en todos os lados, nos nosos días, cunha forza e unha rapidez sempre igual.

No dominio político, nós vemos desaparecer, paseniñamente, os privilexios da burguesía capitalista diante do progreso das institucións democráticas. Baixo a influencia destas e a presión sempre máis forte do movemento obreiro, unha concentración social acaba de comezar contra as tendencias explotadoras do capital (...) algúns din que o que a socialdemocracia tería que facer é organizarse politicamente e preparar para a democracia á clase obreira e loitar por todas as reformas do Estado nun sentido democrático.

Bernstein no Congreso de Stuttgart, 1907.

b) CUESTIÓN DA AUTODETERMINACIÓN:

- R.LUXEMBURGO: O socialismo aboliría os antagonismos nacionais.
 - Obxectivo fundamental: a emancipación proletaria.
- O.BAUER: O Estado afirmará ás nacións como espazos culturais diferentes e asegurará o seu dereito á autodeterminación

c) POSTURA ANTE A GUERRA:

- 1907: Oposición da ALT a unha guerra que parecía inminente (conflicto de intereses entre capitalistas).
- 1914: PGM → Os PS son arrastrados polo patriotismo e os parlamentarios socialistas votan nos seus países a favor da intervención na guerra.



Ruptura da solidariedade obreira internacional.

Pola xornada de oito horas e unha lexislación protectora do traballo que teña como fin a garantía dun traballo mínimo, a limitación do traballo das mulleres e dos nenos, o repouso dun día por semana e a supresión do traballo nocturno, das oficinas de colocacións e dos intermediarios no traballo.

Porque a xornada de oito horas significa o fin do paro periódico que multiplica os efectos do maquinismo, e a diminución de traballo para os que traballan demasiado, proporcionando traballo aos que non o teñen.

Porque a xornada de oito horas beneficiará ao pequeno comercio, aumentando o poder adquisitivo e de consumo da súa clientela obreira, xa que esta será máis numerosa e mellor pagada.

Viva a xornada de oito horas!

Viva a república democrática e social!

Chamamento para o 1º de Maio de 1890

